



Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Obxecto do contrato SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMIENTO FRIGORÍFICO NA PRAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN		Número de contrato: CT 44/2024 - e
Procedemento de contratación: Aberto Aberto Simplificado X Restrxinado Con negociación	Forma de tramitación do expediente Ordinaria X Urxente Emerxencia	Tramitación do gasto Ordinaria X Anticipada
Valor estimado do contrato: 23.000,00 €	Órgano proponente: Concellería de Promoción Económica	Criterios de adjudicación: Prezo Pluralidade de criterios X

O enxeñeiro técnico industrial ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, redactou o documento técnico denominado “Memoria valorada para subministro e instalación de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán”, cun orzamento de licitación (IVE engadido) de 27.830,00 €, que inclúe as prescricións técnicas que deben cumprir os elementos do equipamento a subministrar e instalar, obxecto do contrato de referencia.

Con data 9 de maio de 2024, o concelleiro de Promoción Económica xustificou a necesidade do contrato de adquisición e posta en marcha de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán, dado que este espazo acaba de ser obxecto de obras de reforma, recentemente rematadas, coas que se conseguiu a redistribución dos postos de venda e unha mellora da estética deste mercado, o cal necesita ser dotado da maquinaria frigorífica necesaria para a adaptación á normativa sanitaria.

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP e normas concordantes. Así mesmo, o primeiro dos preceptos mencionados determina que se incorporarán ao expediente o prego de cláusulas





administrativas particulares e o de prescricións técnicas particulares que han de rexer o contrato e, sempre que o contrato orixine gastos para a Administración, o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente lle substitúa, e a fiscalización da Intervención e a aprobación do gasto, no seu caso, nos termos previstos nas leis.

O importe total da actuación ascende a 27.830,00 € (IVA incluído), que será financiada ao 100% polo concello de Vilagarcía de Arousa con cargo a fondos propios.

O contrato ten por obxecto a adquisición e instalación dun subministro de acordo co disposto no art. 16 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, sendo o seu valor estimado de 23.000,00 €.

A contratación realizarase mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, toda vez que o valor estimado do contrato é inferior ao límite de 143.000 € establecido no artigo 21.1.a).

Estableceranse nos pregos unha pluralidade de criterios de adxudicación co obxecto de conseguir a mellor oferta calidade prezo, que permita, finalmente, obter un subministro de calidade e unha resposta adecuada as necesidades que se plantexan.

Polo exposto, dispoño:

A iniciación do expediente de contratación de subministro relativo a “Subministro e instalación de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán” e que o mesmo se tramite polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

O alcalde

Alberto Varela Paz
(sinatura electrónica)

